

GOBERNANZA E INTELIXENCIA ARTIFICIAL

Calpurn-IA

Que é

Liña estable de traballo da Plataforma Cívica Milenio que reúne dúas materias que o século XXI volveu inseparables: o bo goberno das administracións locais (transparencia, rendición de contas, calidade democrática) e o goberno da intelixencia artificial (regulación, responsabilidade, aplicación no público e impacto na cidadanía). É un dos doce observatorios previstos pola Plataforma, en igualdade cos demais. Conserva a identidade Calpurn-IA. Parte dunha idea: gobernanza e IA converxen nunha mesma pregunta —como se decide, con que garantías e quen responde cando algo sae mal—.

Por que

Gobernanza local complexa: situación institucional singular na provincia e moitos concellos pequenos con obrigas crecentes e recursos limitados, sen unha mirada cívica ourensá estable.

A IA xa nos goberna: as administracións adoptan sistemas automatizados e as decisións que afectan a dereitos deléganse en algoritmos; o Regulamento (UE) 2024/1689 abre un marco novo e a responsabilidade polos danos da IA de alto risco é unha cuestión xurídica de primeira orde.

Activo singular: o Grao en IA impártese en Ourense (ESEI-UVigo), pero sen ponte estable coa cidadanía.

Liñas de traballo

Transparencia e rendición de contas: portais de transparencia, información económica e contractual, dereito de acceso.

Calidade democrática e institucional: plenos e participación, execución orzamentaria, apoio á pequena administración.

Foro deliberativo e bo goberno: xornadas, informes e propostas estruturais.

Gobernanza algorítmica e responsabilidade por danos da IA de alto risco: Regulamento (UE) 2024/1689, Directiva (UE) 2024/2853, garantías fronte a decisións automatizadas (eixe destacado).

IA ao servizo da cidadanía: compañía a persoas vulnerables, alfabetización dixital e apoio ao comercio local.

IA na administración pública: uso responsable en concellos, accesibilidade a documentos, dereitos dixitais.

(Transversal) Ágora: reflexión e debate sobre IA, dereitos e democracia.

Como traballa

Con rigor baseado en datos verificables, neutralidade partidaria estrita, audiencia previa ás administracións, independencia de partidos, empresas tecnolóxicas e plataformas, apertura, dobre mirada sobre a IA (nin tecnoutopismo nin neoludismo) e cooperación cos órganos de control e coa AESIA.

Aliados naturais

Consello de Contas, Valedor do Pobo e Comisión de Transparencia de Galicia.
FEGAMP, Deputación Provincial de Ourense e concellos da provincia.
Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA).
Escola Superior de Enxeñaría Informática (ESEI) e profesorado do Grao en IA.
Universidades do SUG (Dereito administrativo, Dereito civil, Ciencias políticas, Informática, Comunicación).
Civio, Transparencia Internacional España e entidades civís homólogas.
Colexios profesionais (avogacía, economistas, secretaría e intervención local).
Institucións académicas do Norte de Portugal.